



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de Negreira

ANUNCIO

Anuncio relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

O Pleno da Corporación con data de 12 de abril de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, o que se someteu a información pública polo prazo de 30 días hábiles para a presentación de eventuais reclamacións e suxerencias.

Publicada con data 10 de xuño de 2021 no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considérase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1.º

As cuotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica quedan fixadas de acordo co cadro de tarifas sinalado no artigo 95.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.º

1.–Establécese unha bonificación do 100% no imposto para vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricar.

Dita bonificación deberá ser solicitada pola persoa interesada achegando copia do permiso de circulación do vehículo.

O órgano competente para a concesión da exención será o alcalde-presidente do Concello.

2.–En relación co disposto no parágrafo segundo do artigo 93.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os solicitantes da exención por discapacidade deberán achegar o certificado da discapacidade (en grao igual ou superior ao 33 por cento) emitido polo órgano competente ou, na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grao de total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

3.–Establécese unha bonificación do 75% na tarifa do imposto aos titulares daqueles vehículos incluídos nas categorías seguintes:

- a) Vehículos que, segundo a normativa vixente, dispoñan da etiqueta Cero Emisións.
- b) Vehículos que, segundo a normativa vixente, dispoñan da etiqueta ECO.

Dita bonificación deberá ser solicitada pola persoa interesada achegando copia do permiso de circulación do vehículo, así como documentación acreditativa de que o motor do vehículo posúe as características esixidas, salvo que as mesmas figuren na Tarxeta de Inspección Técnica, que deberá ser aportada nese caso.

Artigo 3.º

Tódolos demais aspectos concernentes a este Imposto: xestión tributaria, liquidación, recadación e outros, rexeranse polo disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, artigos 92 ó 99, fundamentalmente, así como a demais lexislación aplicable e as disposicións regulamentarias que se diten e veñan en aplicación.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 1 de agosto de 2021.

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde-presidente

2021/6087